

I ENCONTRO DE CESTARÍA NO CAMIÑO

Lugar: Conxunto Etnográfico O Cebreiro

Día: Sábado 2 de xullo

PARTICIPANTES

1. Joe Hogan (Irlanda):



Artesán con un importante traballo de investigación sobre a cestería irlandesa. Hogan ven desenvolvendo a súa actividade de cestería desde 1978 adaptando os seus coñecementos sobre a cestería tradicional irlandesa como punto de partida para explorar novas técnicas e produtos. Elabora tamén

cestería indíxena irlandesa.

Para a elaboración das súas cestas utiliza o salgueiro da súa terra natal. Recentemente o Presidente de Irlanda tenlle concedido o Premio á Traxectoria.

Ten participado en múltiples exposicións, entre outras

- Saatchi Gallery, Londres (2013): *Feira Internacional de obxectos contemporáneos.*
- National Craft Gallery, Kilkenny (2013): *¿Belleza Futura?*
- The Harley Gallery, Welbeck, Nottinghamshire (2013): *Hacer y dibujar*
- Blondeau Fine Art Services, Ginebra, Suiza (2014): *Saborear artesanos*
- Scottish Gallery, Edimburgo (2014): *Tejido salvaje*
- Aeroporto de Dublín (2015): *Isla del diseño*
- Riverhouse Gallery, Storrington, West Sussex, Reino Unido. (2015): *Identidad de la cesta*
- Feria Internacional de Comercio, Munich (2016): *Maestros Modernos*
- Galería escocesa, Edimburgo (2016): *Ex Libris II*
- Kanazawa, Japón (2017): *Trienal de Kogei*
- Galerie Handwerk, Múnich, Alemania (2017) *Líneas estrechas, caza feliz*
- The Scottish Gallery, Edimburgo (2018): *Aprendiendo de la Tierra*
- Design Museum, Londres, Reino Unido (2018): *Exposición finalistas premio artesanía Loewe.*
- La Fondazione Giorgio Cini, Venecia, Italia (2018): *Homo Faber*
- National Craft Gallery, Kilkenny. (2019): *Monumentalidad. Fragilidad*

- Sarah Myerscough Gallery, Londres. (2020): *La Sala natural*
- Scottish Gallery, Dundas Street, Edimburgo. (2020): *Conexiones celtas*

Entre a súa
producción
Joe Hogan
elabora
cestería
artística,
cestería
tradicional
e unha
colección
de nidos de
variados
tamaños.
Desta



faceta súa o propio autor dí o seguinte:

Esta fabricación de nidos fue impulsada por una serie de cosas. Uno fue mi creencia de que muchos de nosotros hemos perdido nuestro sentido natural de lo que significa estar en casa aquí en este mundo. Hemos perdido el sentimiento de que nosotros también somos parte de la naturaleza. La falta de este sentimiento de pertenencia puede explicar nuestra incapacidad para abordar adecuadamente los problemas ecológicos que enfrentamos como especie. Quería hacer objetos que pudieran, de alguna manera vaga, reavivar nuestra conexión con el mundo de las ramitas y las piedras y recordarnos la alegre sorpresa que podemos sentir cuando nos encontramos con la abundancia de la naturaleza. Rachel Carson comentó que el regalo más grande que podemos darle a un niño es el regalo de "una sensación de asombro" y esperaba que fuera "tan indestructible que durara toda la vida". En el ensayo Mossbawn Seamus Heaney comenta. "Todos los niños quieren agazaparse en sus nidos secretos... Pasé un tiempo en la garganta de un viejo sauce... una vez que lo atravesabas, estabas en el corazón de una vida diferente". Pero muchos de nosotros perdemos esta capacidad infantil de ver el mundo con ojos maravillosos.

El proyecto también busca resaltar el impactante colapso en el número de aves en los últimos 20 años y la pérdida general de biodiversidad que ha ayudado a causar esta disminución, especialmente la pérdida de hábitat y la disminución de la vida de los insectos. Nuestra actitud hacia los insectos a menudo parece girar en torno a cómo matarlos en lugar de celebrarlos. Es fácil olvidar cuán esenciales son los insectos para la polinización y para ayudar al proceso de descomposición.

Joe Hogan ten tamén varias publicacións:

- *Aprendiendo de la Tierra*: Libro enfocado á cestería artística pero abordando a convivencia armónica coa natureza.
- *Ramas desnudas, cielo azul negro*: Recolle unha ampla gama de cestas artísticas, afondando no proceso de elaboración, materiais e motivación
- *Cestería en Irlanda*: Recolle as técnicas utilizadas na fabricación de cestos tradicionais irlandeses.

En 1918 foi finalista do premio Loewe e moitas das súas cestas artesanais foron escollidas para o desfile da marca, primaveira- verán 2019 en Paris. Loewe conta tamén no seu catálogo con unha serie de accesorios creados por Joe Hogan con materiais e técnicas diferentes, desde pel de becerro tecida, bolsos de palla, rafia floral con tecidos naturais etc.

Para mais información consultar a súa páxina web

<https://www.joehoganbaskets.com/>

2. Berit Ida (Alemania):

Artista graduada en deseño gráfico con unha interesante faceta de traballo en mimbre e salgueiro con técnicas de cestería.

Berit ten presentado numerosas obras de arte en exposicións internacionais. As súas esculturas e os seus traxes adoitan ter unha referencia local.

En diferentes tipos de *Salix* (salgueiro), Berit crea esculturas e instalacións, desde sillas inspiradas en escritores, como a silla de escritura inspirado no escritor americano Heinrich Seidelsalix ata expresións artísticas como a "ola de sauce" ou a "concha de caracol"



tecida en *aussalix americana* con espello, telescopio e banco de meditación, ou a escultura de sauce para Gryfino (Polonia) inspirada nunha ave rapiña e unha ponte con *salix pedicelata*.



Berit ten tamén unha interesante produción de obxectos de moda *La Pléyade y otros 7 trajes de los Siete*, colección inspirada na mitoloxía grega con complementos varios que van desde corsés a chapeos pero con unha alusión clara ao número 7 en referencia a Rostock a súa cidade natal, como se recolle no catálogo da exposición que mostra esta colección e que se atopa en Lichtenfels. Berit quedou cautivada polos destinos das 7 Pléyades e en solo un mes confeccionou 7 traxes, un para cada ninfa. Berit puxo tamén en práctica o proxecto "Salix - willow art", apoiado pola UE. Este proxecto reuniu cesteiros e cesteiras de Dinamarca, Polonia, Alemania e España, co propósito de facer encontros temáticos por países. En Dinamarca os e as participantes traballaron coa cnica do caos que Jette Mellgrem

descubriera en Burkina Faso e iniciouse a construción dunha estrutura con diferentes materiais. En Polonia continuouse co traballo iniciado en Dinamarca, representando a España participaron Lola Tourón e Idoia Cuesta e realizouse entre outras cousas unha reprodución da muralla de Lugo. En Alemania o encontro tivo lugar en Rostock e o tema elixido foi o vestiario aplicando diversas técnicas e fibras, o traballo feito foi exposto un desfile no Parque Internacional de vimbios da cidade. En España o encontro levouse cabo en Lugo e elixiuse como tema a técnica mixta de láminas de madeira e vimbio, técnica propia da comarca do Ulloa e moi descoñecida entre as persoas que participaban no evento.

Berit ten realizado e comisariado exposicións, ten participado como xurado en mostras internacionais, destacaremos solo algunhas:

- Weidenpleinair en Lodz (2008) como comisaria
- Participación en el Festival "Sztukowanie" en Gryfino/Polonia (2008) con una escultura de sauce. Acadou o segundo premio
- SALIX- arte del sauce (2012).Mostra no parque IGA de Rostock
- "Actuación de Arte Vivo" (2016) Centro de la cultura del trenzado europeo
- Exposición permanente (2017) *La Pléyade y otros 7 trajes de los Siete* no Palacio da cidade de Lichtenfels.
- Concurso internacional del Festival del Sauce en Nowy Tomys (2017).Premiada nas cinco categorías e primeiro premio na forma abstracta.

Berit comparte esta faceta coa de ilustradora e maquilladora artística.

Para mais información consultar a súa páxina web

<https://www.beritida.de/es/hogar/arte-y-forma-de-vida/>

3. Aida Bairos (Portugal):



Aida é natural e residente na Illa de Santa María das Azores. Filla de cesteiro iniciouse na arte de traballar o vime e outras fibras vexetais no ano 1986 da man de seu pai facendo cestos que se empregaban fundamentalmente na agricultura. Co tempo a súa produción foise diversificando introducindo os cestos Condese e mobles orixinais e únicos.

Desde que comezou a súa andadura na cestería ten participado en innumerables exposicións, feiras e outros eventos, tando nas Illas Azores, como no continente portugués, Braril, Canadá, Cabo Verde e Estados Unidos. Ten desenvolvido tamén accións formativas con participación en "Workshops". Na actualidade o seu trablo con fibras vexetais abrangue desde o tradicional ata o contemporáneo, executando pezas utilitarias e decorativas.

4. Cande Alonso (Tenerife)


Artesana de Tenerife. Desde 2013 traballa a modalidade de cestería de colmo, tradición familiar herdada dos biasvós. Sombrerería tradicional. En 2021 o Concello de Santa Úrsula concedeulle o primeiro premio á tradición canaria.



5. Lola Altolaquirre (País Vasco)

Artesana, artista e investigadora, natural de Azpeitia. Iniciada nas técnicas de tecido de tear de alto lizo, traballa con materiais naturais e silvestres. Recuperou unha técnica ancestral en Euskal Herria de trenzado con follas de millo. Ten feito varias exposicións, a mais recente é: "A través del maíz / Artoaren Bitartez" no museo de Orozco e nela reúne arte, tradición e natureza.

Para saber mas:



<https://www.orozkomuseoa.eus/single-post/2018/11/15/a-trav%C3%A9s-del-ma%C3%ADz>

6. Carlos Fontales (Segovia)

Artesano, docente e investigador da cestería. Aprendeu os rudimentos do oficio de cesteiro en 1988 da man de Antonio González e Carlos Pujol. En 1991 iniciou a súa actividade como docente de cestería recorrendo toda Galicia. Froito do seu contacto descubre o inmenso caudal da cestería tradicional galega tanto do mundo labrego como do mar.




Fixo un traballo de investigación que rematou nunha publicación: "Cestería de los Pueblos de Galicia" Editada por Irindo no ano 2005. En 2013 publicou "Más que cestos. Cestería Española".

Ten participado en exposicións e elaborado instalacións en Madrid, Valladolid, Álava, Segovia e Dinamarca.

Para mas información:

<http://carlosfontales.blogspot.com/>



7. Maruja Torres (Mazaricos)

Maruja fai cesteira tradicional. Leva anos traballando na recuperación dos chapéus de palla chamados *Sancosmeiros*, realizados con trenza de picos. Este tipo de chapéus elaborábanse no século pasado en cada fogar coa palla que sobra da alimentación dos animais; servían para protexerse do sol ou incluso para servir de soporte para trasladar cestos de herba, peixe ou outros produtos sobre a cabeza. A tela negra que colgaba



estaba pensada para espantar aos mosquitos e moscas. Forman parte de diferentes traxes tradicionais galegos. Maruja é unha das poucas está traballando intensamente na súa recuperación impartindo cursos de trenza. Ademais dos *Sancosmeiros* Maruja elabora diferentes produtos fabricados con trenza de centeo e de trigo.

8. M. Jesús Labrador (Lobeira)



Cesteira que ten desenvolvido unha interesante labor de investigación e recollida de pezas de cestería de distintos materiais e técnicas. Ela mesma aprendeu o oficio despois de ver a un home maior facendo un cesto na feira de Viveiro, a partir de aí buscou xente que aínda fixese cestería para aprender deles. Elabora pezas con distintas técnicas tanto para uso como para decoración. Chus traballa tanto a cestería de madeira, vime, colmo e a técnica mixta. Na actualidade ten unha das coleccións privadas mais importante da cestería de Galicia e Norte de Portugal. A súa colección ten mais de 300 pezas documentadas grazas á ilusión, perseveranza e vocación dela e do seu compañeiro Toño del Val. Chus ten dado cursos por toda a xeografía galega e moitos dos cesteiros e cesteiras actuais aprenderon o oficio con ela. Ten colaborado en proxectos con museos como o proxecto *O museo no cárcere* do Museo Etnolóxico de Ribadavia ou os *Talleres con Xentes de Oficio* do mesmo museo.

9. Lola Tourón (Carqueixeda)

Lola Tourón dedícase a manter viva a cestería transmitindo os seus coñecementos sobre técnicas e identificación de materiais. A súa experiencia nútrese da recollida de elementos tradicionais hasta formación de carácter internacional: Polonia, Alemania, Dinamarca... Imparte talleres de formación de cestería tradicional con distintos materiais: centeo, vime, silva, papel, tela, cables etc. Realiza espectaculares estruturas vivas en valados, hortas e demais entornos naturais e cestería creativa.



Ten feito varias exposicións cos seus traballos desde o ano 2003 e participado en exposicións colectivas desde o ano 2008. Participou no proxecto "Salix - willow art" representando a cestería galega.

10. Enrique Táboas (Sanxenxo)



Enrique Táboas preserva un legado que lle ven desde o seu tataravó: a confección de cestos de láminas de madeira tanto para agricultura como para a pesca. Empezou a traballar a cestería aos 13 anos co seu avó, natural de Mondariz, lugar con longa tradición cesteira. Daquelas os cestos eran imprescindibles nas labores do campo e do mar. Estivo emigrado varios anos e regresou ao seu Sanxenxo natal onde mantén o legado cultural que herdou. É unha das poucas testemuñas que queda dos antigos cesteiros con láminas de madeira en Galicia. Na actualidade traballa con madeira de castaño, salgueiro, mimosa, acacia, abeleira, ata albaricoque e pexegueiro. Conserva modelos antigos, que utiliza como mostra para facer outros novos tanto tradicionais como innovadores. Ten feito exposicións entre as que destacamos a feita na Cidade da Cultura "Tecendo a natureza" e na Feira de Salt, localidade catalana que o ten reclamado en múltiples ocasións.

Mas información en:

<https://www.cultura.gal/es/evento/66870/161/764954>

11. Carliños cesteiro (Oia)



Carliños fai cestería aplicada á arquitectura, paisaxismo, interiorismo e arquitectura ademais de cestería tradicional.

Despois de formarse en distintas técnicas durante anos empezou a desenvolver a súa actividade profesional desde o ano 2003 colaborando en diferentes actividades demostrativas. Colaborou tamén no Programa didáctico de CAT do Concello de Vigo. Tamén ten feito exposicións en distintos concellos de Galicia. Tamén ten realizado nidos artificiais en proxectos de recuperación da Aguia pescadora en Asturias.

Más información en:

<http://cesteirocarlitos.blogspot.com/>

12. Idoia Cuesta (Outeiro de Rei, Lugo):

Idoia é unha bióloga que se apaixonou pola cestería "O coñecemento sobre as fibras vexetais é o que me unía á bioloxía". Fusiona a cestería co tecido a través da combinación de materiais orgánicos con distintas técnicas artesanais. Durante décadas tense formado con profesionais de diferentes culturas, partindo das técnicas artesanais, que lle aportaron novas visións sobre a arte, o deseño, a arquitectura a moda e a artesanía contemporánea. Idoia recibe a súa inspiración da natureza que a rodea



buscando a creación de pezas sostibles con formas orgánicas que transmitan calidez e nobreza.



No ano 2015 acadou o premio Nacional de Artesanía na categoría de produto coa colección "Pandeira" e no 2021 conseguiu o premio artesanía de Galicia coa colección Abisal

Idoia desenvolve varios proxectos que se poden consultar na súa páxina web: Serie Abisal, traballos para Loewe ou Zara Home, Instalacións para Adolfo Domínguez etc. Participou no proxecto "Salix - willow art" representando a cestería galega.

Más información en:

<https://idoiacuesta.com/INFO-1>

13. Álvaro Leiro (Pontevedra)



Álvaro Leiro é un artesano que fai cestería tradicional e contemporánea con distintas variedades de vime, palla, zarza e outras fibras naturais, nun intento por recuperar e manter viva unha parte da artesanía tradicional galega.

Álvaro centra o seu traballo na cestería en espiral e a elaboración e reinterpretación das corozas, prenda tradicional galega que durante moitos anos protexía aos labregos da chuvia. Álvaro chegou a documentar 14 versións distintas.

En 2022 Loewe plantexoulle a posibilidade de crear unha colección baseada nas corozas e dentro desta colección destacan catro modelos de bolso trezados con coiro e con capas imitando a estrutura escalonada das corozas. Estes bolsos foron presentados en Milán , na Feira do Moble, no marco da colección *Weave, Restore, Renew*. Na actualidade trata de conseguir trasladar algo tradicional con materiais naturais ao coiro.

<https://artesianiadegalicia.xunta.gal/es/talleres/alvaro-m-leiro>

